

**EIXES ESPECÍFICOS**

**EIXO DE ACCIÓN 6**

**INFORMACIÓN E FORMACIÓN**

**OBXECTIVO OPERATIVO 1**

Achegarlle á mocidade galega as políticas que en materia de xuventude se están a levar a cabo dende os diferentes departamentos da Xunta de Galicia

**Medida 1: Lei de Xuventude (FOROS DE PRESENTACIÓN)**

Persoas beneficiarias: 960.

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: Dar a coñecer as entidades xuvenís, grupos de mozos e mozas, responsables locais e ao público mozo en xeral o borrador da Lei de Xuventude.

Para elo, realizáronse 4 encontros provinciais e 14 foros de debate.

**4 encontros provinciais:**

- Albergue xuvenil de Gandarío.
- Casa da xuventude de Ourense.
- Edificio Administrativo da Xunta de Vigo.
- Albergue Xuvenil LUGII en Lugo.

**14 foros de debate nos espazos xoves da Rede Galega de centros de xuventude de Galicia:**

- Carballo.
- Chantada.
- Cuntis.
- Santiago de Compostela.
- Noia.
- Betanzos.
- Pontedeume.
- Vilalba.
- Ourense.
- Viveiro.
- Vilagarcía.
- Lalín.
- Tui.

**Medida 2: Páxina web: [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)**

Persoas beneficiarias: 282.406 usuarios/as únicas (672.986 visitas totais).

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: A centralización e canalización da información de relevancia para a mocidade galega, facilitando a información sobre os programas e actividades da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a inscrición en programas e a promoción da participación da mocidade. Os mozos e mozas visitaron 2.511.991 páxinas.

**Medida 3: Xestión de políticas de xuventude en servizos prestadores á xente nova a través da rede de espazos, residencias xuvenís, albergues e campamentos**

Persoas beneficiarias: 15.512 pernoctacións.

Tipo de actividade: Outras (servizos).

Obxectivos acadados: A prestación de distintos servizos aos/ás mozos e mozas, a través das instalacións propias da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado como son a Rede de Espazos, os Locais de Ensaio, os albergues xuvenís, as residencias xuvenís, entre outras.

**Medida 4: Xuventude.novas**

Persoas beneficiarias: 1802.

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: Proporcionar, mediante a edición mensual dun boletín informativo dixital, información da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado de interese para a mocidade.



### Medida 5: Participación en redes sociais

Persoas beneficiarias: 1104 seguidores en Tuenti, 5402 fans en Facebook, 3222 seguidores en Twitter e 133.934 visitas a través da rede social.

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: A interacción e a promoción da participación da mocidade en programas e actividades promovidas dende a Dirección Xeral.

### Medida 6: Programa de animación

Tipo de actividade: Actividades.

Obxectivos acadados: A través das actividades realizadas dende a Rede Galega de Dinamización Xuvenil acadáronse os seguintes obxectivos:

- A dinamización da mocidade galega, difundindo información do seu interese e poñendo en marcha actividades que deron resposta aos seus intereses e necesidades.
- A participación da mocidade a través da posta en marcha de espazos de debate e participación.
- A canalización da capacidade de liderado da mocidade.
- A participación da mocidade na sociedade como cidadáns/cidadás activos/as.
- A emancipación e a autonomía da mocidade.
- A igualdade de oportunidades da mocidade.
- A creación dun canal de difusión adecuado para a transmisión dos recursos e servizos cos que conta a mocidade.



### Medida 7: Escenario móbil de xuventude

Persoas beneficiarias: 33 Concellos.

Tipo de actividade: Campañas.

Obxectivos acadados: A difusión, ao longo do territorio da Comunidade Autónoma galega, dos distintos programas e recursos da Xunta de Galicia para a mocidade. Para elo, a carpa de xuventude estivo presente en 33 concellos galegos ofrecendo información e asesoramento sobre os recursos e programas para a mocidade: Iniciativa Xove, liñas de axuda para a obtencións do carné de conducir, o voluntariado xuvenil e ambiental, os programas de mobilidade xuvenil, os distintos carnés de descontos para a mocidade, as prestacións do servizo Quérote+, os proxectos de cooperación transfronteiriza...



Medida  
Nova

### Medida 10: Presentación do Libro Branco de Xuventude

Persoas beneficiarias: 55.

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: A presentación do Libro Branco de Xuventude para o 2020 nun foro aberto de debate que tivo lugar en Santiago de Compostela. Ademais, o documento remitiuse aos concellos, entidades, asociacións xuvenís e a mais de 32.000 mozos e mozas usuarios/as dos programas de xuventude.





Medida  
Nova

### Medida 11: Pack universitario

Persoas beneficiarias: 500.

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: O coñecemento da oferta da Xunta de Galicia en materia de xuventude: programas, certames, bolsas, axudas, servizos..., a través dunha campaña informativa levada a cabo no ámbito universitario. Para elo, durante dúas xornadas o equipo de dinamización achegouse aos dous campus da cidade de Santiago de Compostela co finalidade de repartir “pak” con información sobre os diferentes programas.



Medida  
Nova

### Medida 12: Curso de internacionalización en proxectos europeos

Persoas beneficiarias: 100.

Tipo de actividade: Xornadas .

Obxectivos acadados: O coñecemento das distintas posibilidades que ofrece a Unión Europea en materia de mocidade. Para elo organizáronse unha serie de xornadas especializadas.

- Espazo Xove de Vilagarcía de Arousa (3 de outubro).
- Espazo Xove de Lalín (5 de outubro).
- Espazo Xove de Ourense (8 de outubro).
- Oficina da Eurocidade Chaves-Verín (10 de outubro).
- Centro Coordinador de información xuvenil de Santiago de Compostela (11 de outubro).





## OBXECTIVO OPERATIVO 2

Establecer mecanismos que faciliten o acceso á información sobre aspectos que lle interesan á mocidade, como pode ser a formación, vivenda, emprego ou outros temas de interese para a xuventude

### Medida 1: Observatorio de xuventude

Persoas beneficiarias: 22.

Tipo de actividade: Información.

Obxectivos acadados: A difusión, entre o persoal técnico e entre a mocidade, de información relativa aos temas de actualidade e de interese para a mocidade, incorporando estas temáticas na páxina xuventude.net. Elaboráronse 14 estudos e 8 artigos.

### Medida 2: Información e documentación

Persoas destinatarias: 43.859 (consultas realizadas ao Centro coordinador de información e documentación xuvenil).

Tipo de actividade: Información.

Elaboración de 455 dossieres e 54 boletíns.,

Obxectivos acadados: A difusión da información sobre temas de interese para a mocidade a través das 326 oficinas de información xuvenil.

### Medida 3: Orientación para o emprego e a vivenda. Oficina de Emancipación

Persoas beneficiarias: 348.

Tipo de actividade: Información e asesoramento.

Obxectivos acadados: O asesoramento e a difusión de información en temas relacionados co emprego e a vivenda para apoiar a emancipación da mocidade.





#### Medida 4: Axudas ao Consello da Xuventude

Tipo de actividade: Axudas e/ou subvencións.

Obxectivos acadados: Facilitar o desenvolvemento asociativo xuvenil e fomentar a participación da mocidade na sociedade, a través do financiamento do Conxuga.

#### Medida 5: Teléfono xove

Persoas beneficiarias: 656.

Tipo de actividade: Información e asesoramento.

Obxectivos acadados: Dar resposta ás demandas telefónicas da mocidade galega, así como facilitar a difusión de información de interese para os mozos e mozas.

Medida  
Nova

#### Medida 8: Programa Activa

Persoas beneficiarias: 1946.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: O desenvolvemento de obradoiros sobre temáticas concretas de interese para os mozos e mozas e persoal que traballa con e para a mocidade. Ofertáronse 141 cursos nos distintos concellos de Galicia, os cursos centráronse nas seguintes temáticas:

- Comunicate: Traballáronse as claves comunicativas fundamentais para enfrontarse con solvencia ás necesidades de cada día.







- **Emprégate:** Incidiuse nas oportunidades do mercado laboral en momentos de crise, a elaboración do curriculum e o afrontamento a unha entrevista de traballo, así como deuse a coñecer o programa **Emprende**.
- **Programas e axudas para mozos e mozas:** Amosáronse as oportunidades e medios cos que conta a mocidade en temas como é a vivenda, mobilidade, voluntariado, asociacionismo, emprego...
- **Mediación xuvenil para a participación:** Formouse, a mozos e mozas, en temas de xestión e funcionamento interno de entidades xuvenís.

Medida  
Nova

### Medida 9: Conecta



Persoas beneficiarias: 1085.

Tipo de actividade: Xornadas e actividades.

Obxectivos acadados: A promoción de emprendemento xuvenil en materia non só empresarial, senón de acción social. Este programa nace ao abeiro dos programas europeos e ten como obxectivos concretos:

- Dinamizar e impulsar a participación xuvenil.
- Fomentar o asociacionismo xuvenil.
- Crear puntos de encontro a nivel territorial onde a mocidade poida compartir as súas experiencias.
- Mellorar os canles de comunicación e diálogo entre as entidades xuvenís e institucións públicas.
- Promover o espírito emprendedor como medio de xeración de emprego.
- Dar voz á mocidade para mellorar a eficacia dos programas e políticas destinadas a mocidade.
- Garantir a igualdade de oportunidades sen distinción de sexo, clase ou condición.
- Achegar aos estudantes á demanda de traballadores das empresas e aos novos nichos de mercado.





Para elo, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Campus Emprende: o poder das ideas (Santiago de Compostela, 24 de marzo)
- Crea Interior: miradas cara a dentro (Vila de Cruces, 14 de abril)
- Iniciativa e emprendemento (Ferrol, 4 de maio)
- Xuventude Rural e Emprendemento (Burela, 26 de maio)
- Actívate e emprende (Ribeira, 9 de xuño)
- Emprendemento social no mundo do motor (Melide, 23 de xuño)
- Crea e descubre (Ponteceso, 6 de xullo)
- O voluntariado como primeira vía para emprender (Marín, 21 de xullo)
- Muller e xuventude: cara a igualdade efectiva a través do emprendemento (Ourense, 19 de maio)

Medida  
Nova

## Medida 10: Desemprego, emprendemento e autoemprego

\*Actuación subvencionada polo programa Xuventude en Acción.

Persoas beneficiarias: 75.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: A realización dunha xornada en Santiago de Compostela con data 23 e 24 de novembro para representantes de asociacións xuvenís, monitores/as xuvenís, persoal técnico de xuventude de entidades públicas, representantes políticos en materia de mocidade, líderes de organizacións estudiantís e mocidade non asociada, acadou os seguintes obxectivos:





Desemprego,  
emprendemento e  
autoemprego  
xuvenil  
Santiago de Compostela  
23 e 24 de novembro 2012.



- Analizar a situación actual do desemprego en Galicia e en España valorando a situación da mocidade e as perspectivas socioeconómicas de futuro.
- Presentar e compartir boas prácticas para o fomento da empregabilidade e a inserción laboral.
- Fomentar a inclusión da mocidade con menos oportunidades no mercado laboral a través de programas europeos e rexionais.
- Dar a coñecer as vías de financiamento que, a Unión Europea e outros organismos, dispoñen para o fomento da iniciativa empresarial.
- Establecer un espazo de traballo e diálogo para facilitar o traballo en rede e a cooperación europea en materia de mocidade.

Medida  
Nova

### Medida 11: Galicia Polis

\*Actuación subvencionada polo programa Xuventude en Acción, xóvenes en democracia.

Persoas beneficiarias: 200.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: O coñecemento en profundidade dos procesos democráticos, así como a participación da mocidade en políticas de xuventude a través do diálogo estruturado no eido das entidades locais de Galicia e Norte de Portugal. A actividade consistiu na realización durante o mes de novembro de 8 seminarios (Tui, Pontevedra, Lugo, Ourense, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña) e un seminario final en Braga, nos que mozos e mozas abordaron os distintos temas e problemas da mocidade actual dende unha perspectiva de democracia participativa.



Medida  
Nova**Medida 12: Programa “Emprega Talento”**

\*Englobado dentro do proxecto Emprende.

Persoas beneficiarias: 370.

Tipo de actividade: Formación.

Obxectivos acadados: O achegamento da mocidade a realidade empresarial, a través do coñecemento das demandas das empresas nos procesos de selección, oferta de alternativas para detectar oportunidades laborais e promoción do intercambio de ideas e a colaboración entre a mocidade e directivos. Para elo, facilitouse a participación en ponencias sobre o liderado, talento, valores, traballo en equipo, experiencias, éxitos e fracasos, motivación, innovación... coloquios con deportistas, mesas redondas con directivos de recursos humanos e unha charla con directivos de diferentes empresas galegas; isto complementouse cun espazo de asesoría e realización de entrevistas e un obradoiro de cociña para mellorar as habilidades de traballo en grupo.





### OBXECTIVO OPERATIVO 3

Facilitar espazos onde a xente nova poida interactuar coas novas tecnoloxías e os elementos multimedia dunha forma responsable

#### Medida 1: Xuventude Galicia Net



Persoas beneficiarias: 6000.

Tipo de actividade: Xornadas.

Obxectivos acadados:

- O establecemento dun marco axeitado para que a mocidade se poda achegar á sociedade da información e ao manexo das novas tecnoloxías, sobre a base da interacción e o cambio de experiencias entre as persoas participantes.
- O coñecemento dos últimos avances tecnolóxicos e a potenciación do uso do software libre, a través da aprendizaxe e o intercambio de datos e experiencias.

Nesta anualidade fíxose énfase na formación, a creación de empresas, as oportunidades de traballo baseadas nas novas tecnoloxía e na procura activa de emprego para a mocidade. Por elo, entre outras actividades, realizáronse actividades encamiñadas ao emprendemento como saída fronte á crise e unha sesión de networking.



## Medida 2: Programa Conéctate

Persoas beneficiarias: 10140.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: O fomento de hábitos de uso responsable das novas tecnoloxías, a través da realización de obradoiros e actividades, en colaboración coa Garda Civil, en centros de educación primaria e secundaria, en entidades para persoas con diversidade funcional, con menores con medidas xudiciais e con Asociacións de Nais e Pais.



## Medida 6: Centros de recursos tecnolóxicos para a xuventude

Persoas beneficiarias: 20 prestamos (9 portátiles, 7 proxectores e 4 pantallas).

Tipo de actividade: Outros (recursos).

Obxectivos acadados: A dotación de recursos tecnolóxicos as OMIX, Asociacións xuvenís ou de forma individual para a realización de actividades para mozos e mozas.



#### **OBXECTIVO OPERATIVO 4**

Apoiar a formación e establecer medidas que fomenten a inserción laboral entre a mocidade

##### **Medida 1: Orde da convocatoria de prazas de colaboradores-bolseiros en residencias dependentes da Consellería de Traballo e Benestar**

Persoas beneficiarias: 15.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A estadia en residencias xuvenís con aloxamento e mantenza gratuítos para os mozos e mozas, que a súa vez, desempeñan actividades de dinamización no centro de residencia.

##### **Medida 2: Orde da convocatoria de prazas en residencias xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar**

Persoas beneficiarias: 219.

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: A estadia en residencias xuvenís, durante o curso académico, de mozos e mozas que por razóns de estudo ou traballo se ven obrigados a permanecer fora do concello ou provincia onde ten a súa residencia.



**Medida 5: Programa de consulta á mocidade. Consulta sobre o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia**

Persoas beneficiarias: 30.

Tipo de actividade: Outras.

Obxectivos acadados: A participación da mocidade na elaboración das disposicións normativas que lles afectan, chagando a o maior consenso posible na elaboración do texto final. Para elo, organizáronse tres xuntanzas de traballo abertas a mozos e mozas pertencentes a entidades xuvenís de diverso tipo para colaborar na redacción do texto do proxecto de decreto.





**OBXECTIVO OPERATIVO 5**

Programar accións complementarias para o persoal técnico e persoas que traballan coa mocidade

**Medida 1: Plan de formación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado (engloba a medida 1, medida 2 e medida 5 do obxectivo 4 do documento inicial)**

Persoas beneficiarias: 1211.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A mellora e a actualización da formación da mocidade e dos profesionais que traballan con e para a mocidade. Os cursos englobáanse en varias áreas.

**Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil**

- 6 cursos.
- 370 solicitudes.
- Principais destinatario: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

**Cursos e obradoiros impartidos nos Espazos xove da Rede Galega de Centros de Xuventude**

- 39 cursos.
- 3088 solicitudes.
- Lugar de impartición: Centro Coordinador de Información Xuvenil e 12 Espazos Xove.





### Formación no eido do tempo libre

Dentro deste ámbito distinguiuse entre as accións formativas específicas para monitores/as e directores/as de tempo libre e as dirixidas para a mocidade en xeral.

- Monitores/as e directores/as de tempo libre:
  - 420 participantes.
  - 17 cursos.
- Mocidade en xeral:
  - 65 participantes.
  - 3 cursos.

**Medida 3: Realización de encontros ou congresos en materia de información xuvenil dos técnicos e técnicas da rede**  
**Medida 6: Xornadas para responsables políticos e técnicos da administración local en materia de xuventude**

Persoas beneficiarias: 193.

Tipo de actividade: Xornadas.

Obxectivos acadados: A creación dun espazo de análise, reflexión e intercambio de ideas e experiencias sobre temas de interese para a mocidade.





#### Medida 4: Día Europeo da Información Xuvenil

Persoas beneficiarias: 38.

Tipo de actividade: Xornadas.

Obxectivos acadados: A difusión de programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, así como a sensibilización da importancia da información xuvenil. Para elo, púxose en marcha unhas xornadas sobre o dereito a información xuvenil no Centro de coordinación de información e documentación xuvenil e en distintos espazos xove da Rede galega de centros xuvenís.

**information  
right now!**  
young people are asking

#### OBXECTIVO OPERATIVO 6

Fomentar na mocidade a adquisición de hábitos saudables e condutas responsables

#### Medida 1: Programa Relaciónate



Persoas beneficiarias: 10.740 (179 solicitudes de centros educativos, concellos, casas da xuventude e asociacións xuvenís).

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados:

- A prevención do bullying, promovendo que a mocidade solucione os seus conflitos dun modo positivo, sendo os/as propios/as compañeiros/as os que medien á hora de resolver situacións de conflito.
- O fomento na mocidade de hábitos saudables e condutas responsables.



## Medida 2: Programa Vitalízate

Persoas beneficiarias: 8880 (148 solicitudes de centros educativos concellos, casas da xuventude e asociacións xuvenís).

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados:

- A redución do consumo de drogas e/ou outro tipo de sustancias entre a mocidade galega, facilitando o acceso á información e ao asesoramento de calidade en relación coas drogas para que os mozos e mozas tomen unha decisión ao respecto.
- O fomento na mocidade de hábitos saudables e condutas responsables.



## Medida 3: Programa Quérete

Persoas beneficiarias: 17.340 (289 solicitudes de centros educativos concellos, casas da xuventude e asociacións xuvenís).

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados:

- O coñecemento, a aceptación e a vivencia da sexualidade, facilitando que os/as mozos e mozas aprendan a aceptarse na súa diversidade e poidan expresarse a través da sexualidade de xeito satisfactorio.
- A promoción do respecto á diversidade, o dereito á diferenza sexual, o respecto polos sexos e a valoración positiva dos mesmos.





#### Medida 4: Programa Gústate



Persoas beneficiarias: 10.260 (171 solicitudes de centros educativos concellos, casas da xuventude e asociacións xuvenís).

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados:

- O fomento da autoestima dos/as mozos e mozas, facendo que sintan a súa imaxe e o seu corpo de forma satisfactoria e positiva.
- O respecto das peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana.

#### Medida 6: Axudas para obtención do permiso de conducir

Persoas beneficiarias: 52 (364 solicitudes e 209 resolucións favorables).

Tipo de actividade: Axudas e/ou bolsas.

Obxectivos acadados: O apoio a obtención do carné de conducir e a mellora da seguridade viaria, mellorando, a súa vez, as posibilidades de emprego.




### Medida 8: Condución segura

Persoas beneficiarias: 232.

Tipo de actividade: Cursos.

Obxectivos acadados: A promoción de actitudes seguras no uso do vehículo baseada no coñecemento dos factores de risco, sistemas de seguridade do automóbil e a técnica de condución.



#### Circuíto de A Madanela (Concello de Forcarei)

- 21 e 22 de abril.
- 28 e 29 de abril.

#### Circuíto de A Pastoriza (Concello de Pastoriza)

- 5 e 6 de maio.
- 12 e 13 de maio.

### Medida 10: Socializad@s

Persoas beneficiarias: 50.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A socialización e a mellora da autoestima da mocidade galega que se atopa en centros penitenciarios.

**Medida 11: Curso de formación para menores con medidas xudiciais en réxime aberto e pechado**

Persoas beneficiarias: 8.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A socialización e a mellora da autoestima de menores con medidas xudiciais, favorecendo a adquisición de ferramentas e recursos para o traballo nestas temáticas con menores con medidas xudiciais en réxime aberto e pechado.

**Medida 12: Programa para entidades de usuarios/as con diversidade funcional**

Persoas beneficiarias: 20.

Tipo de actividade: Obradoiros.

Obxectivos acadados: A adquisición de ferramentas e recursos para o traballo con persoas con diversidade funcional, as súas familias e equipos técnicos.

Medida  
Nova

**Medida 13: Xornada de sensibilización e educación viaria**

Persoas beneficiarias: 40.

Tipo de actividade: Xornada.

Obxectivos acadados: Sensibilizar a mocidade en temas de educación viaria. Para elo, organizáronse dúas xornadas, unha no Centro de Información e documentación xuvenil de Santiago de Compostela e outra no Espazo Xove de Curtis.